

# RESUMO DE CONTIDOS

## Un, dous, tres, RadioPatio na onda

Língua Galega e  
Literatura

5º EP



## Índice

Medios de comunicación.....	2
Elementos para unha boa comunicación.....	3
Palabras invariables.....	4
Os adverbios.....	4
As preposicións e as conxuncións.....	5
Palabras compostas.....	5
Uso de “:”, “,” e “...” .....	6
Debate e entrevista.....	7
O verbo.....	9
Uso de S e X.....	10
Aumentativos e diminutivos.....	11

A maneira de informarnos do que pasa ao noso arredor ten evolucionado moito nos últimos anos. Na época dos nosos avós e avoas os medios para informarse eran a prensa escrita, a radio e, en menor medida, a televisión coas súas dúas únicas canles. Na actualidade a eses medios temos que engadir-lles infinidade de canais de televisión e todo o que nos aporte internet: redes sociais, youtube, xornais dixitais...

O desenvolvemento de internet non só supón que teñamos novas formas de acceder á información senón que nos permite converternos en xornalistas e publicar os nosos propios contidos. Eso é fantástico pero ollo, tamén ten inconvenientes: non sempre o que atopamos na rede é información veraz e contrastada.

## Medios de comunicación

Os medios de comunicación son canles ou plataformas a través dos cales se transmite información, noticias, entretemento e mensaxes a moita xente.

Cada tipo de medio de comunicación ten as súas propias características. Os medios impresos ofrecen unha experiencia duradeira, é dicir podemos consultalos durante varios días. Polo contrario, non nos ofrecen información de maneira inmediata.

Os medios como a radio ou a televisión ofrecen información de maneira instantánea. Ata fai pouco tempo non tiñamos posibilidade de volver a velos unha vez que xa rematara a emisión. Actualmente as plataformas de TV e os podcast permítenos acceder aos contidos despois de emitidos.



Os medios de comunicación son:

**1.- A radio.-** É un dos medios de comunicación máis antigos e segue sendo amplamente utilizado en todo o mundo.

**2.- A prensa.-** Tamén coñecida como prensa escrita ou medios impresos, refírese aos xornais e revistas que proporcionan información, noticias, análises, opinións e entretemento en forma impresa.

**3.- A televisión.-** É un dos medios de comunicación máis influentes e populares no mundo, cunha ampla audiencia e unha gran variedade de canles e programas dispoñibles.

**4.- Internet.-** É unha rede global de comunicación que conecta millóns de dispositivos e computadoras en todo o mundo.

**5.- Blogs.-** Son sitios web que conteñen entradas de diferente contido. Estas entradas son coñecidas como "post" ou "publicacións".

**6.- Redes sociais.-** Son plataformas en liña que permiten aos usuarios conectarse, interactuar e compartir contido con outras persoas, comunicados ou grupos.

## Elementos para unha boa comunicación

Só hai comunicación se nós entendemos, é dicir, se o emisor emite unha mensaxe cun código coñecido polo receptor que chega a este a través dunha canle.

Neste REA tamén vimos algúns elementos importantes dun medio de comunicación concreto como é a radio. Neste senso falamos de:

### 1.- Locutores de radio:

Os locutores e locutoras de radio teñen sempre en conta que as súas mensaxes non permanecen, son escoitadas só no momento en que se din. Agora mesmo esta situación cambia grazas aos podcast.

Os podcast son gravacións de programas de radio ou de fragmentos deles que se poden descargar e escoitar en calquera momento e que a maioría das emisoras ofrecen.

### 2.- Como facer un guión dun programa de radio:

Debemos empregar oracións curtas que faciliten a comprensión, uso de tempos verbais en presente que en pasado (loxicamente cando se conta unha noticia que xa pasou empregaremos o tempo pasado ), empregar unha entoación axeitada tendo moi en conta as pausas e expresarse de maneira escrita e oral sen discriminar a un sexo e sen perpetuar estereotipos de xénero. Algunhas maneiras de evitar o uso non-inclusivo da linguaxe son as seguintes:

Usar nomes colectivos	Desmontar estereotipos
Utilizar “estudantes” en lugar de “alumnos e alumnas”.	Utilizar “persoal de limpeza” en lugar de “muller da limpeza”.

**3.- Partes dun programa de radio.** O gui3n de radio ter3, como m3nimo, os seguintes elementos:

Apertura	Introducci3n	Contido	Despedida
Poder3ase introducir aqu3 a sinton3a do programa ou unha presentaci3n.	O locutor/a saudar3a e presentar3a o programa e a s3a tem3tica.	Falar3ase do contido da tem3tica principal do programa.	Despedir3ase o programa, agradecendo aos o3ntes.

## Palabras invariables

Que quere dicir que algo non var3a? Todas as palabras te3nen x3nero e n3mero? Que palabras non var3an nas seguintes oraci3ns.

O irm3n **de** Lois comer3 unha maz3 **e** unha laranxa **ma3a**.

As irm3s **de** Luc3a comer3n unhas maz3s **e** unhas laranxas **ma3a**.

S3 hai tres palabras que permanecen invariables: “**ma3a**”, “**e**” e “**de**”. “**Ma3a**” 3 un adverbio, “**e**” 3 unha conxunci3n e “**de**” 3 unha preposici3n. Nos medios de comunicaci3n son precisas as palabras que nos aporten informaci3n sobre o que estamos dicindo e outras m3is pequenas que nos permitan unir palabras ou oraci3ns.

## Os adverbios

Lugar	Modo	Tempo	Cantidade	Afirmaci3n	Negaci3n
aqu3 al3 debaixo cerca f3ra	mal ben as3 rapidamente claramente	hoxe onte antes despois ma3a	m3is menos abondo pouco moito	si tam3n abof3 seguramente	non tampouco sequera

Os adverbios son clases de palabras invariables que nos ofrecen unha información que xeralmente completa a que nos ofrece o verbo. Poden ser de moitos tipos: tempo, modo, cantidade, negación, lugar...

Nalgúns casos fórmanse a partir dun adxectivo ao que se lle engade a terminación mente:

Rápido	Claro
Rapidamente	claramente

## As preposicións e as conxuncións

As preposicións e as conxuncións son palabras que empregaremos nos nosos guións e que nos van servir de nexo de unión entre diferentes palabras.

Carla <b>e</b> Xoana fan o traballo <b>para</b> a escola.	
<b>e</b> : é unha conxunción e serve para unir os nomes das dúas rapazas.	<b>para</b> : é unha preposición e neste caso pon en relación dous substantivos: traballo e escola.

## Palabras compostas

Imaxina que acabas de inventar un aparello que é capaz de cociñar e sintonizar unha emisora de radio ó mesmo tempo. Poderíamos chamalo “radiocociña”, un termo que xorde da unión das palabras “radio” e “cociña”. Falamos entón dunha palabra composta, que é a unión de dúas palabras que, unha vez xuntas, teñen un significado diferente.



As palabras compostas están formadas por dúas simples que completan os seus significados. Estás palabras simples poden pertencer a diferentes categorías gramaticais. Fíxate na seguinte táboa:

Verbo + substantivo	Substantivo + substantivo	Substantivo + adxectivo
paracaídas quebracabezas	baloncesto mapamundi	camposanto augamariña

## Uso de “:”, “;” e “...”

Os **dous puntos** serven para facer unha pausa e chamar de atención das persoas que escoitan anunciándolles que lles imos dicir algo que nos parece importante. Ao igual ca coma van pegados á palabra anterior e separados por un espazo da palabra seguinte. Empréganse para: facer unha enumeración, para destacar os títulos dos textos, para a comprensión dun subíndice e para reproducir palabras exactas que dixo unha persoa.

O **punto e coma** emprégase para facer unha pausa un pouco máis grande que a coma. Tamén marca a diferenza entre dúas partes do texto.

Os **puntos suspensivos** son tres puntíños que van seguidos, teñen moita importancia no mundo da radio e os medios de comunicación xa que permiten darlle ás mensaxes moita expresividade. Empréganse para expresar dúbida ou desexo, para continuar unha enumeración e para os refráns e as frases feitas.

Na escola aprendemos a falar e a compartir as nosas opinións coas demais persoas. É dicir, adquirirmos cada vez máis habilidades comunicativas e sociais para poder comunicarnos de forma efectiva.

Nesta unidade exploraremos as vantaxes de practicar o debate e a entrevista na aula. Tamén aprenderemos sobre o uso correcto dos verbos, o emprego na fala e na escrita das letras "s" e "x", e por último afondaremos no uso dos aumentativos e diminutivos.

## Debate e entrevista

O **debate** é unha boa forma de intercambiar ideas entre dúas ou máis persoas e sobre calquera tema. Pode facerse un debate sobre: deportes, política, educación...

Na escola debemos debater moitas veces para tomar decisións que afectan ao alumnado. Por exemplo, un caso concreto, podería ser a decisión de a onde ir na excursión de fin de curso. Teríamos que ter varias propostas e que cada un e cada unha de nós busque argumentos para defender, de maneira ordenada, aquela opción que máis nos guste. Nos debates empregamos textos argumentativos.



A esencia do debate é a exposición de argumentos, onde unha persoa propón razóns a favor dun tema e outra persoa, o seu opoñente, os refuta. Cada participante ten a responsabilidade de presentar argumentos sólidos. Non se pode contestar ao chou e débense apoiar as afirmacións con evidencias.



A seguinte táboa mostra que facer en cada parte dun debate:

Antes do debate	Durante o debate	Despois do debate
Débese buscar información sobre o tema, reflexionar e facer un pequeno texto argumentativo.	Débese escoitar ás outras persoas e pedir quenda respectuosamente para falar.	Cómpre reflexionar sobre o escoitado e valorar a opinión das demais persoas.

As **entrevistas** son comúns nos medios de comunicación para obter información en diversos campos. Os entrevistadores ou entrevistadoras preparan preguntas con antelación para despois facerllas ao entrevistado ou entrevistada para obter información mediante as súas respostas.

Ademais de obter información, tamén exploran opinións e presentan a unha persoa ao público. Por exemplo, é normal que para conseguir un traballo, a empresa faga unha entrevista previa para indagar nas habilidades da persoa que opta ao posto.

Preparar unha entrevista axeitadamente é crucial para obter a información desexada e facer que a conversa sexa efectiva e obter unha información útil. Para iso debemos seguir os seguintes pasos:



- 1º Buscar información sobre a persoa á que entrevistamos.
- 2º Definir os obxectivos que queremos acadar.
- 3º Facer unha lista de preguntas guía.
- 4º Practicar as preguntas previamente, só ou con outra persoa, para familiarizarse con elas.
- 5º Por último, repasa o equipo técnico para que todo funcione correctamente.

## O verbo




A través dos medios de comunicación chégannos novas que xa pasaron, opinións sobre cousas que están pasando agora mesmo ou incluso previsións sobre que é o que vai acontecer no futuro. A mesma palabra que nos serve para explicar a acción que sucede é a que nos vai dicir cando aconteceu. Esa palabra é o verbo, o núcleo do predicado.

O verbo é unha clase de palabras que empregamos para expresar o que acontece.

		
<b>Correr</b>	<b>Pintar</b>	<b>Subir</b>

Unha soa palabra fai que cambie totalmente o sentido da oración. É o verbo, unha palabra que indica cando se realiza a acción.

Que palabra é a que fai que cambie o significado nas seguintes oracións?

<b>Lara <u>comeu</u> un bocadillo.</b>	<b>Lara <u>come</u> un bocadillo.</b>	<b>Lara <u>comerá</u> un bocadillo.</b>
		
O verbo comeu expresa unha acción que xa sucedeu.	O verbo come expresa que a acción está sucedendo neste mesmo momento.	O verbo comerá expresa unha acción que sucederá no futuro.

O tempo verbal indica o momento no que se leva a cabo a acción.

Tempo	Expresa	Exemplos
Pasado	Accións que ocorreron <b>antes</b> do momento no que se fala	comín andiveron
Presente	Accións que ocorren <b>no momento</b> no que se fala	ando salto
Futuro	Accións que ocorrerán <b>despois</b> do momento no que se fala	mirarei veredes

O modo indica a actitude do falante ante o que di na mensaxe.

Modo	Expresa	Verbos	Oración
Indicativo	Accións que se presentan como reais	choveu	Hoxe pola mañá <b>choveu</b>
Subjuntivo	Desexos	chova	Ogallá <b>chova</b> mañá!
Imperativo	Ordes	séntate	<b>Séntate</b> na cadeira xa!

**Lembra:** os verbos teñen moitas formas tanto en indicativo como en subxuntivo.

## Uso de S e X

O “**x**” ten dúas pronunciacións en galego. Por un lado, pode pronunciarse como /sh/ en palabras que evolucionaron máis no idioma, como xigante ou Xián; mentres que se pronuncia como /ks/ en palabras de incorporación máis tardía no noso idioma ou procedentes doutra lingua, como complexo ou galaxia.

Lembra: **escríbense con s**: escusa, estraño, escavar e estranxeiro. Tamén as palabras que se derivan delas.

Lembra: **empregar s en lugar do primeiro x** nas palabras que levan dous x:  
osíxeno/axixeno, asexar/axexar.

## Aumentativos e diminutivos

Os aumentativos e diminutivos serven para transmitir información: dous goliños non son dous goles pequenos, son dous goles moi importantes para o equipo ou para a xogadora que os marcou. Un golazo, polo contrario, non é un gol moi grande nin vale máis que outro.

Para saber como as formamos temos que lembrar o que xa vimos en canto ás partes que forman unha palabra: lexema, prefixos e sufixos. Pois neste caso imos engadir ao lexema da palabra uns sufixos que van facer máis grande ou máis pequeno o seu significado. E, cales son eses sufixos?

### Aumentativos

	
Pastel	Pastelón

Son formas que indican un tamaño, grao ou intensidade maior que o orixinal. Utilízanse para expresar algo grande, esaxerado ou impresionante.

Son sufixos aumentativos: -ón/-ona e -azo/aza.



Por exemplo: coche → cochazo ou pastel → pastelón.

## Diminutivos

Son formas que indican un tamaño, grao ou intensidade menor que o orixinal. Utilízanse para expresar algo pequeno, afecto, proximidade ou familiaridade.

Son sufixos diminutivos: -iño/-iña.

Por exemplo: can → canciño.

	
Can	Canciño

En resumo: os sufixos aumentativos e diminutivos serven para transmitir información: un canciño é un can pequeno, pero tamén pode ser un can moi bonito.



“Un, dous, tres, RadioPatio na onda”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)